


ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA


ACTO I



Chámome Roberto Vidal Bolaño. Naciño o 31 de xullo de 1950 no barrio de Vista Alegre, en Santiago. Ali cursei estudos e traballei no comercio e na banca. Xa de neno, quería ser director de cine e, con esforzo, fun un dos promotores do teatro galego independente.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA
ACTO II



“Din que son un artista aberto a todos os oficios da escena porque traballei de director, iluminador, escenógrafo, actor... pero, sobre todo, autor en lingua galega para dotar a Galicia dun teatro propio.”

En 1974, participei na creación da compañía Antroido, coa que asistín ás Mostras de Teatro de Ribadavia. Ali representamos *Laudamuco señor de ningües* e *Bailadela da morte ditosa*, entre outras. No Grupo Abrente, con Manuel Lourenzo e Euloxio Rodríguez Ruibal, e con máis autores, profesionalizamos o teatro galego.


ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA

ACTO III

TOUPORROUTOU
DA LÚA E DO SOL(Farsada choqueira para actores
e bonecos, ou viceversa)de
Roberto Vidal Bolaño

A Carme, Miguel e Roi



No 1980, a compañía Andrómena e a compañía Antroido unifícanse nun proxecto común, a compañía do Estaribel. Escríbin algunas obras para público infantil, coma *Touporroutou da Lúa e do Sol* e *Ruada das papas e do unto*, un teatro para rapaces que “lles chisca o ollo aos nenos grandes”.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA
ACTO IV

ESCENA X

"ROSALÍA.- ¿Que vas facer, Manuel?
 MURGUÍA.- Nunca debiches gardar
 todo isto. Podia ter caido nas mans de calquera.
 ROSALÍA.- Fóra dos fillos e dalgún que outro
 poema, son o que queda da nosa vida xuntos,
 ¿Por que deixar que se perdan?
 MURGUÍA.- Son pouquedades privadas que a
 ningúén lle importan.
 ROSALÍA.- ¿Quen che di que algún día, non lle
 van interesar á historia?
 MURGUÍA.- Á historia, de lle interesar algo de
 nós interesaralle a nosa obra.
 ROSALÍA.- E se ademáis diso lle interesara a
 nosa condición, a nosa vida, os nosos medos...?"

Agasallo de Sombras



A Xunta de Galicia, no ano 1984, crea o Centro Dramático Galego que estrea a miña obra *Agasallo de sombras*. Esta, xunto con *Días sen gloria* e *As actas escuras*, teñen carácter histórico. Tamén escribín monólogos furiosamente humorísticos, como *Caprice de Dieux* e *Cochos*, nos que crítico a realidade disfrazado cun nariz de pallaso.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA

ACTO V



Ademais do teatro, cultivei as artes audiovisuais. Participei como actor en películas como *Sempre Xonxa* ou *A lingua das bolboretas*. Tamén fui guionista, produtor e director de curtametraxes, documentais e series de televisión. En 1991, creei e dirixín a compañía Teatro do Aquí, para facer teatro desde aquí, con argumentos e formas de contar de aquí.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA
ACTO VI

TEMPO 4

*“Dende a negrura volve
chegar o relembro das
vozes de aqueles nenos”*

VOZ NENO UN: Que pensades ser cando sexades maiores?

VOZ NENO DOUS: Calquera cousa. Xefe, por exemplo.
Son os que máis gañan e os que menos traballan.

VOZ NENO TRES: Eu serei explorador. Ou inventor.
Ou descubridor de algo.

VOZ NENO UN: Eu o único que quero cando sexa maior,
é que non haxa nunca escola.

VOZ NENO TRES: ¿E ti, Esther?

VOZ DE NENA: ¿Eu?

VOZ NENO TRES: Si, ti.

VOZ DE NENA: Libre, coma os paxaros.

CAE O PANÓ

*Rastros**Rastros**Cochos*

A ópera
de a
Patocón



Escribin *Saxo tenor* (1991), onde quero mostrar o ambiente marxinal
e a realidade social do momento, cunha linguaxe cinematográfica.
En *Anxelinos, Criaturas e Animalinos*, fago unha “sátira ecolóxica
do urbanita” e poño de manifesto a relación contraditoria entre as
sociedades da opulencia e o seu contorno.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA

ACTO VII



Coa obra *Doentes* (1997), homenaxeéi o meu mestre Valle-Inclán e a súa técnica do “esperpento”. A obra garda paralelismo co seu libro *Luces de Bohemia*, un ir e vir por unha cidade, Santiago, pola súa sociedade e polas inquedanzas do seu protagonista.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA

ACTO VIII



No ano 2000, o Centro Dramático Galego estrea a miña obra *A burla do galo*. Nesta obra, e seguindo os pasos de Álvaro Cunqueiro, galeguizo o mito do Don Xoán. Tamén adapto a obra *Rosalía*, de Otero Pedrayo. Con estes ilustres escritores, comparto a preocupación pola supervivencia da cultura popular galega fronte ao progreso.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTIA

ACTO IX



Para mim, o teatro é a confluencia da obra do autor coa posta en escena polos actores e demais axentes e o público, ao que sempre valorei. O obxectivo do teatro é estimular a conciencia, quero facer do teatro un espazo participativo e crítico. No 2001 recibín, entre outros, premios coma o Max de Teatro, o María Casares e o Maruxa Villanueva.

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PRESENTA

ACTO X



"Eu son un home... un señor maior con sombreiro e bigote, que persiste na teima de vivir por e para unha das profesions más absurdas do mundo e sen embargo a más grandiosa."

Rematei a miña posta en escena nesta vida o 11 de setembro de 2002.
Uns días despois, nomeáronme membro da Real Academia Galega.
Pasado o tempo, o Centro Dramático Galego convocou un premio ao espectador co meu nome para reconecer a importancia do público no teatro,
"un teatro do presente co que sentirse identificado e ao que ter como propia".